

Plan  
Galego  
de Especies  
Exóticas  
Invasoras

Especies invasoras en Galicia

# Caranguexos de río exóticos



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
E DESENVOLVIMENTO SOSTIBLE  
Dirección Xeral de  
Conservación da Natureza

Caranguexo vermelho americano (*Procambarus clarkii*)

Os caranguexos de río exóticos son uns dos invasores más perigosos en Galicia. A especie máis estendida é o caranguexo vermello americano (*Procambarus clarkii*), que procede do noroeste de México e sur dos Estados Unidos. Chega a medir 10-12 cm, ten rostro afiado e cor vermella-azulada. A súa alimentación é omnívora e prefire aguas mornas, a máis de 20º C.

---

Emprégase para consumo humano, polo que se crearon granxas acuícolas para a súa producción e se comezou a comercializar ao vivo. En España apareceu por vez primeira no Guadalquivir en 1974 a raiz de escapes de granxas, e ten provocado alteracións ecolóxicas e danos millonarios nos cultivos de arroz. En Galicia deveu ser soltado en diferentes puntos por aficionados á pesca ou persoas que os compraron vivos e os tiveron como mascota en catividade: esta foi, cando menos, unha das orixes certas das poboacións do río Louro e dos arredores da Coruña.

---

Actualmente está establecido en varios tramos do río Miño e os seus afluentes, como o Sil; tamén en humedais da Terra Chá, da Limia, Monterrei, Corrubedo e arredores da cidade da Coruña, entre outros puntos dispersos.

---

O caranguexo vermello americano chega a alterar a estrutura e funcionamento dos ecosistemas que invade, relacionándose coa desaparición de vexetación acuática e de poboacións de anfibios de certos humedais, xa que preda masivamente sobre larvas de especies acuáticas nativas. Alén diso, representa a principal ameaza para a conservación do caranguexo de río autóctono (*Austropotamobius pallipes*), catalogado en perigo de extinción e con poboacións moi localizadas, que se ve afectado mortalmente por unha enfermidade fúnica (afanomicose) trasmitida polos caranguexos americanos.

---

En Valdeorras tamén aparece o caranguexo sinal (*Pacifastacus leniusculus*), de orixe americana e potencial transmisor da afanomicose.

---

Nunca se deben liberar caranguexos exóticos á natureza. Galicia ainda está libre da invasión do caranguexo chinés (*Eriocheir sinensis*), que tamén pode vivir en aguas salgadas e que xa invade grande parte de Europa con desastrosas consecuencias ecolóxicas e económicas.



Caranguexo chinés  
(*Eriocheir sinensis*)